**PROGRAMACION DIDÁCTICA**
**DE LINGUA E LITERATURA GALEGA**

**E.S.O. 1º, 2º, 3º e 4º**

## C. P. I. PONTE CARREIRA FRADES

## CURSO 2021-22

ÍNDICE

1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN…………………………………………..Páx. 6

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE……….………………………………………………………………………Páx. 9

3. OBXECTIVOS PARA O CURSO …………………………………………………….Páx.15

4. CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADOS COA TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN……………………………………………….....Páx. 16

5. CRITERIOS METODOLÓXICOS……………....…………………………………Páx.21

6. RECURSOS DIDÁCTICOS………………………………………………………...Páx.25

7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO ………………………………………………………………………Páx.27

8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE…………………………………………………………………...….Páx.31

9. PLAN SEGUIMENTO MATERIAS PENDENTES ……………………………….....Páx.32

10. PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL…………………………………..Páx.32

11. O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE……….……………………………………….Páx.33

12. TEMAS TRANSVERSAIS…………………………………………………………….Páx.35

13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES………………………….Páx.37

14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA……………………………………………………………………….,,,Páx.39

15. ANEXO I: TÁBOAS COS OBXECTIVOS, CONTIDOS, ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, COMPETENCIAS CLAVE, MÍNIMOS ESIXIBLES E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

16. ANEXO II: MODELOS DE INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

PRÓLOGO

Liñas xerais para o curso 2021-22

1. Avaliaciòn inicial.

Empeza un novo curso onde toca aprender a ver fendas de luz na incerteza que habitamos.Dous cursos de pandemia, co tempo de ocio restrinxido no eido privado, pasan factura especialmente aos alumnos de Segundo Ciclo.Todos temos cambiado,o tempo acelerado fainos casar imprevistos e avanzar en puntillaa sen parármonos nas beiras. Temos o previlexio de estarmos nun Centro onde os valores compartidos por todas as culturas seguen agochados no quefacer agrario e afloran nas actitudes transmitidas ao noso alumnado. Eles saben das cousa importantes. Non hai que recordar a ninguén a coraxe da superación, o valor sanador da empatia, da confianza, da diferencia necesaria que suma. Hai unha zona amplia de valores compartidos desde a que cómpre traballar.

Acollido xa o alumnado, intento nas primeiras semanas coñecer os seus obxectivos irrenunciables, o seu autoconcepto e perfilo pequenas propostas de investigación individuais, relacionadas cos contidos do programa, deseño as tarefas buscando consenso e fomento da autorresponsabilidade.

No nivel de Primeiro temos tres alumnas e dous alumnos. Os tres alumnos queren continuar co desenvolvemento familiar da actividade agraria, asociano cun altisimo privilexio, sábense afortunados de teren comunidade, vínculos. Parécelles a forma máis poética de vivir. Será un pracer fornecelos de relato.

Unha das alumnas ten o castelán como lingua de identidade e relación. Ten unha boa fonética malia a resistirselle o -n velar. Presenta óptima actitude cara a aprendizaxe. É un grupo ben cohesionado, saben escoitárense, son asertivos, moi conscentes tamén da súa singularidade, das súas preferencias fronte a distintos modelos de aprendizaxe, intereses individuais, metas de futuro, valoración de prioridades.

Recollidos os primeiros traballos,observo fallos comúns na escrita como certo uso arbitrario do tilde e extrañamento fronte ao relato en primeira persoa e apropiación natural dese -eu- poético que se lles resiste.Tamén se aprecia un descoñecemento alto das variables sociais e históricas que lles permitirían entender o seu presente.A meta máis inmediata é pois axudarlles a ter relato, a saber dialogar, desde o seu microcosmos, coa realidade que prefigura o seu macrocosmos.

No nivel de Segundo contamos cun grupo de obxectivos persoais de éxito moi claros, moi enfocados nas súas metas e cunha memoria de valiosos logros na elaboración dos seus quefaceres. Prima neles o pensamento analítico, o razonamento para facérense preguntas e idear solucións .Buscan sempre aprender a facer. Esta actitude será eixe e lanzadeira de todas as tarefas para abordar os distintos contidos do programa. Abordamos de entrada as condición da vida onde a palabra poética emana. Deben buscar situacións onde o valor, a coraxe, a desesperación, a soedade, a rebeldia simplemente berran. Eles sempre saben contestar e crear desde a reflexión inducida. Antes da concreción das tarefas, compartimos documentación e propostas que serven tamén de inspiracón para os que temen o folio en branco.

No nivel de Terceiro e Cuarto evolucionan e maduran segundo o previsto, consolidan adquisición de coñecementos,ferramentas e estratexias.

2. Programa de acollida.

En canto ás normas de organización e funcionamento do centro, remítome ao plan de continxencia elaborado polo equipo directivo e consensuado polo equipo docente. Contiunaremos en breve con formación no centro relativa ao uso de EDIXGAL. Dadas as características do Centro, onde só temos un grupo por nivel e ademais sermos un CPI, resulta inevitable o intercambio formal e informal de observacións sobre o alumnado así como a organización de actividades grupais de cohesión e acollida. Aquí respéctanse as individualidades e a idiosincrasia de cada alumno. Na avaliación inicial temos coincidido case totalmente na valoración de seguimento do proceso educativo non presencial no posconfinamento, no logro de obxectivos e nas necesidades puntuais de orientación e reforzo. .Todo o profesorado estamos a traballar para optimizar resultados.Todos estamos dispostos a abrir dúas liñas de traballo para que todos logren os obxectivos mínimos sen que ninguén teña que renunciar á excelencia.

Para desenvolver pensamento crítico e ofrecer un desenvolvemento competencial globalizado, colgarei artículos de prensa do presente e iremos contrapoñéndoos co contexto social que esteamos a transitar no programa. Falarán en todo momento desde -nós,establecendo un diálogo de sincronía.Terán recursos dixitas e o libro de texto.Nas tarefas a realizar terán que utilizar ambos e poderán realizalas sexa ou non o ensino presencial.

Na miña materia parto dos informes realizados en xuño ,entregados aos titores e postos en común na reunión de avaliación inicial do 28 de setembro do presente curso.Farei un comentario breve do curso e reiterarei o punto de partida e os axustes curriculares que deberei contemplar.

**No nivel de Primeiro**, comprobei no primeiro traballo recollido a información aportada polos profesores de Primaria. Un grupo de altas expectativas. Eso si sóbranlles castelanismos .Insistirei en todas as regularidades do sistema a nivel fonético e morfolóxico no primeiro trimestre para ir despois introducindo as excepcións.

**No nivel de Segundo** non se necesita facer ningún axuste curricular. Si cómpre seguir moi de cerca a aqueles que non piden axuda ou se ausentan sen ruído.Estàn identificados.O propio grupo axuda a termar deles.

**En Terceiro** teremos que asentar a identificación das unidades lingüísticas e funcións sintácticas, así como comprender a liña de evolución sincrónica do sistema de lingua. O resto serán xa contidos propios do seu nivel contemplados na programación buscando a consecución dos obxectivos mínimos. Este grupo responde moi ben na aula, moitos deles teñen motivación intrinseca e só dous tenden a diluirse sen o reforzo presencial. Desde o primeiro día empecei empregando recursos dixitais e deseñando actividades que poidan facer sexa ou non ensino presencial.

**No nivel de Cuar**to facilitarei tamén propostas de maior autonomía, complexidade e tranversalidade. Deben asentar neste primeiro trimestre a comprensión das diferencias específicas do discurso literario no seu percorrido histórico e coñecemento básico da produción literaria ata o 1916. Teñen gardado os recursos colgados na Aula Virtual que poderán utilizar de axuda. As aportacións de Curros e Pondal vounas integrar na unidade de Cabanillas como poeta das Irmandades.Todos deberán acabar coñecendo as distintas cosmovisións e estéticas das distintas xeracións a partir tamén de 1916.

3. Metodoloxía, avaliación e reflexións neste paréntese Covid.

Dadas as características deste presente, cunha situación semicarceraria indefinida, as ferramentas, métodoloxia e avaliación van seguir a ser case idénticas no ensino lectivo presencial e no telemático. Na aula, inmobilizados, illados e sen voz, quedan reducidos a seres intelixentes con capacidade auditiva e dedos sen mans con campos de acción limitados.

No ensino lectivo non presencial serán ollos, oídos e mans atados a unha pantalla. Compartiremos os mesmos recursos, faremos as mesmas tarefas e utilizaremos o mesmo formato de presentación. Abordaremos unha modalidade de educación simultánea ,que nos posibilitará ter xa interiorizado un modo de facer en caso de confinamentos puntuais.

Cada semana irei subindo os recursos e as actividades á aula virtual. Seguirei a utilizar recursos de audio para presentación de temas e o correo electrónico para entrega de actividades. A medida que amplíe competencias no uso da plataforma, irei modificando metodoloxía, pero empezarei coa prácticas usadas desde o confinamento. A aula presencial será motor e motivo para que todos entreguen as tarefas a través do correo ou Aula Virtual.

Comentado [CRF1]:

Son tantas as limitacións, tan alto o prezo a renuncia da corporeidade, da proximidade, da visión do riso compartido que as competencia comunicativas quedan reducidas a entender, pensar e responder por escrito ou falando de corpo enteiro desde unha pantalla. Quedamos case reducidos a presenzas holográficas.

Son sabedora de que os contidos están en internet e de que no futuro do noso alumnado a intelixencia artificial e o computador cuántico han estar presentes e, para eles, a competencia dixital vai ser unha ferramenta imprescindible. Pero dáse a casualidade de que somos natureza con soños, folgos e capacidade creadora diversa. Onde o ser humano?

Pensar, ser consciente, facerse preguntas, saber responder por oral e escrito cunha perspectiva histórica e diatópica han ser, para min, sempre, obxectivos a perseguir.

Como docentes, o noso reto é lograr a optimización desta ferramenta. Guíalos na busca acertada de recursos e no dominio do formato de expresión que mellor lles acaia.

Nós temos que ensinarlles a peneirar a información, a contrastala, a ler entreliñas, a introducir a sospeita, a disentir, a indagar nas marxes e ver sempre perspectivas de acción. O ser humano está en perigo de extinción por sermos clones.

O importante non se deixa ver. Só me preocupa dar coa forma do mellor exercicio do meu forzoso e imprescindible compromiso ético no noble exercicio da docencia.

Desde o corazón da Galicia profunda, chéganme as últimas fornadas dunha cultura agraria que se abriu a modernidade sen renunciar a saberes ancestrais, imprescindibles. Teñen arraigo, están abertos aos seus macrocosmos máis próximos son coñecedores da luz, da temperatura, da música e eco de cada hora, dos recendos da terra, da importancia dos outros, habitan o presente e comprométense co futuro. Veñen coa mellor predisposición para aprender e obrígannos a sermos conscientes do noso privilexio por estar ao seu carón. Eles si son bens raíz, todo medra neles, devolven todo multiplicado.

# 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1 . Introdución

O CPI de Ponte Carreira proponse o logro dun ensino de calidade e en liberdade para, dende a comunidade na que se integra, darlle resposta ás necesidades formativas do noso alumnado, contribuíndo ao desenvolvemento dunha educación integral que lle facilite tanto o acceso, con garantías de éxito, a outras etapas educativas, como a súa incorporación á vida social como cidadáns libres, críticos, responsables, participativos e solidarios.

O presente proxecto educativo, seguindo o disposto na lexislación vixente, recolle os valores, os obxectivos e as prioridades de actuación; incorpora os criterios de avaliación, promoción e tiulación na ESO, así como o tratamento transversal nas áreas ou materias da educación en valores. Partindo da análise da contorna social e cultural do centro, recolle a atención á diversidade, a acción titorial e máis o plan de convivencia.

As decisións do proxecto educativo teñen carácter vinculante e funcional, pois comprometen a todos os membros da comunidade educativa e ofrecen a oportunidade de establecer as prioridades do centro.

O PEC será a carta de presentación do centro e, polo tanto, toda a comunidade educativa debe coñecelo, poderá consultalo sempre que o desexe a través da web do centro.

Este proxecto educativo, relaborado no curso 2013-2014, defne a identidade do noso centro partindo dunha realidade concreta. Serve como marco xeral de referencia para a actuación de toda a comunidade educativa. Respecta o principio de non discriminación e de inclusión educativa, así como o resto de valores e principios recollidos na LOE / LOMCE, como valores fundamentais.

A CCP recollerá todas as suxestións con respecto ao PEC, para telas en conta á hora de facer avaliación do mesmo ao fnal de cada curso escolar.

## 2 . Identidade do centro e fnalidade da educación.

Análise das características do centro.

2.1.1. **Análise da contorna:** o medio/as familias.
Ubicación xeográfca: medio rural no concello de Frades, cunha poboación aproximada de 270 habitantes, o CPI está situado na paroquia de Gafoi (30 habitantes).
Tipo de construcción: predomina a vivenda unifamilar, con alpendres de labranza nas inmediacións. A calidade das construccións mellorou nos últimos tempos. Podemos afirmar que, aínda que algunha vivenda precisa mellorar as súas condicións de habitabilidade, a maioría son casas coidadas e cun confort acorde cos tempos: calefacción, teléfono, ordenador, etc.

Ámbito socioeconómico: Predominan as familias tradicionais nas que conviven varias xeracións con maioría de avós pensionistas. En canto á situación laboral dos membros da unidade familar, obsérvase un incremento de mulleres con traballo remunerado fóra da casa pero quedando aínda bastante etrás con respecto ao do home. É importante salientar a redución da oferta de emprego femenino no sector téxtil.
Neste momento hai un maior equlbrio entre o traballo por conta propia e o traballo por conta allea, debido, fundamentalmente, á desaparición das pequenas explotacións gandeiras por falta de rendibilidade, pasando máis persoas a traballar para empresas do mesmo ou doutros sectores. Segue a manterse a pequena horta familar e a cría de pequenos animais para autoconsumo.

Infraestrutura de servizos: Hai un parque en Ponte Careira, pavillón municipal, centro médico, organizacións culturais nalgunhas parroquias como Gafoi, Moar e Galegos, piscina municipal (ao non ser cuberta só ten utilidade co bo tempo) e un edifcio de servizos múltiples.

2.1.2. **Características do alumnado**

- Arredor do 80% do noso alumnado ten como lingua materna o galego, sendo esta a lingua que utiliza habitualmente, sobre todo no rexistro informal. Obsérvase, en cambio, pouca fuidez nos rexistros formais á hora de utilizar esta lingua.

- Analizando os datos do nivel de estudos dos pais-nais do alumnado obsérvase claramente que a maioría só cursou estudos básicos ou primarios. Porén a tendencia está cambiando; de feito, os pais-nais do alumnado de infantil acadaron estudos non obrigatorios (bacharelato, FP e incluso estudos universitarios) nunha maioría salientable.

-No referente á análise das ocupacións que desenvolve o alumnado na súa vida cotiá no ámbito extraescolar, podemos salientar:

1. Aínda ue nos atopamos nun ámbito/contorno rural, o acceso ás novas tecnoloxías está totalmente normalizado xa que empregan gran parte do seu tempo en ocupacións relacionadas coas TICs, por exemplo, navegar por internet, videoxogos, ver a televisión ou utilizar redes de mensaxería instantánea.

2. Hai unha gran tendencia cara á práctica de actividade física, sobre todo fóra do ámbito competivo. Mais cando nos referimos á práctica deportiva con adestrador, encamiñada á competición, o porcentaxe masculino é moi superior ao feminino.

3. A pesar de que case hai igualdade entre sexos en canto á colaboración en tarefas domésticas, percibimos que se segue a asumir o rol tradicional da muller xa que os alumnos escollen a realización de traballos remunerados mentres que as mulleres priman a súa participación en traballos de voluntariado ou sociais.

2.1.3 **Colaboración con outras entidades.**

**I** Consellerías de:
· Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
· Sanidade.
· Traballo e Benestar.
· Medio rural (FOGGA)
· Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ( protección civil )

**II** IES, CPIs ,CEIPs e outros centros educativos.
**III** Universidade.

**IV** Ministerio de Educación e Ciencia.

**V** Administración local (concellos de: Frades, Ordes, O Pino, Santiago de Compostela, A Coruña e Lugo.)

**VI** Centro de saúde de Frades, CHUS, CHUAC.

**VII** Ministerio do Interior (Garda Civil, funcionarios de prisións. etc) **VIII** Xulgado de Instrución nº 1 de Ordes.

**IX** ONGs: Save the Children.

**X** Fundacións: Fundación Meniños "formando familas".

**XI** Outros.

2.1.4. **Instalacións**

- **Espazos especifícos:** O alumnado de educación infantil e primaria está no antigo colexio de EXB; o de ESO está nun edifcio de construción recente, con características de IES, que dista uns 20 m do anterior. Os dous centros dispoñen de laboratorios (máis dotado o de ESO), biblioteca, aula de audiovisuais, aula de música e informática. No centro de ESO dispoñemos ademais dunha aula para tecnoloxía e outra para debuxo. A supresión de unidades no centro de primaria permitunos destinar unha aula para inglés, música, TICs ePEC do CPI de Ponte Careira - FRADES 5 outra para psicomotricidade. Cada centro ten o seu patio de recreo coas correpondentes pistas polideportivas.

-**Espazos comúns:** O pavillón municipal (situado entre os dous centros), o comedor (no centro de primaria) e unha aula de psicomotricidade ubicada no colexio de primaria.

**-Outras dependencias**: Os dous centros dispoñen de despachos administrativos, sala de profesores e conserxaría. O centro de ESO tamén dispón de 5 seminarios, departamento de orientación e salas de reunión para a ANPA e delegados.

Todo o que veño a reproducir é o informe consensuado polo claustro realizado despois de ter feito unhas enquisas o curso pasado e que fgura no PEC do centro. As refexións e lecturas son múltiples e cada un de nós busca telas en conta segundo a idiosincrasia da súa materia. Está claro que pese a estarmos nun centro rural xa non temos aquí só cultura rural, e, tampouco, economía próspera pese a estarmos nunha das zonas agrarias máis desenvolvidas de Galicia.

En canto a miña disciplina debo salientar que teño un alumnado maioritariamente galegofalante e que ignora a fenda da reprodución cultural a nivel do país. Ignórano por teren poucos anos, por non termos aquí o bacharelato, porque nas súas casas falta información e argumentos para analizar críticamente a realidade.

Eles viven en harmonía co medio, comparten valores seculares cos seus, son seres arraigados, con autoestima, con empatía, con intereses particulares e , moitas veces, con metas tan claras como perseguir seren felices. Dalgunha forma están a salvo de moitos excesos da modernidade pero tamén indefensos contra ela porque é o centro o único espazo de intersección que os habilita para ir a un mundo onde os valores, a cosmovisión, as habilidades valoradas, non son as súas.

Desde o noso seminario, mantense a tradición de sermos absolutamente ambiciosos. Aspírase a dotar ao alumnado dunha competencia lingüística plena para que poida entender e responder a nivel oral e escrito con argumentos que lle permitan posicionarse no mundo como axente transformador. Apréndese facendo. Apropiamonos dos mellores discursos para estudalos, transformalos e crear os nosos propios.

No centro hai un só grupo por nivel, coñecemos a cada alumno polo seu nome, sabemos da súa traxectoria escolar antes de telo interpelado na aula. Nunca se empeza de cero, hai expectativas recíprocas profesor-alumno antes de comenzar as aulas. O éxito constrúese, as grandes metas soñanse, só a palabra debuxa horizontes e aí estamos.

## 3 . Marco normativo

Esta programación elabórase de acordo co establecido no artigo 9 da ORDE do 7 de xuño de 2016 *pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2016/17 nos cen- tros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG 15/06/2016), e nos artigos *73, 95 e 96* do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regu- lamento Orgánico dos IES (DOG 9/08/1996).

Axústase ás directrices xerais establecidas pola Comisión de Coordinación Peda- góxica do centro e inclúe os elementos que aparecen recollidos no artigo 24º da Resolu- ción do 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación

Educativa, *pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso aca- démico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educa- ción secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autó- noma de Galicia.* (DOG 1/08/2016).

Teremos en consideración todos aqueles aspectos que procedan, segundo o esta- blecido na seguinte normativa:

Decreto 86/2015, do 25 de xuño*, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia* (DOG 120, 29-06-2015).

Decreto 229/2011, do 7 de decembro, *polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se im- parten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación* . (DOG 21/12/2011).

Decreto 8/2015, *polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de conviven- cia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar* (DOG do 27 de xaneiro), e a propia Lei 4/2011.

Orden de 28 de agosto de 1995 *por la que se regula el procedimiento para garanti- zar el derecho de los alumnos de Educación Secundaria Obligatoria y de Bachillerato a que su rendimiento escolar sea evaluado conforme a criterios objetivos*. (Apartado sexto, puntos 1 e 2; BOE 20/09/1995).

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, *pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.* (BOE, 25, 29/01/2015).

Real Decreto 310/2016 de 29 de xullo *polo que se regulan as avaliación finais da ESO e o Bacharelato.* (BOE 30 de xullo).

Instrucións de 1 de setembro de 2016 *en relación coa organización e o funciona- mento das bibliotecas escolares para o curso 2016/2017, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.*

Orde do 15 de xullo de 2015 *pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta.* (DOG 21/07/2015).

Orde do 13 de xullo de 2016 *pola que se amplía a relación de materias de libre con- figuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación se- cundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta.* (DOG 4/08/2016).

## 2.CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

### 2.1 Perfil competencial da materia

As competencias deben ser traballadas de forma transversal, dinámica e integral, por iso o traballo docente debe desenvolverse a través de situacións de aprendizaxe e de actividades de aprendizaxe integradas. Estes dous elementos resultan de particular utilidade nas materias do ámbito lingüístico.

Na nosa materia desenvolveremos as situacións de aprendizaxe principalmente a través dos bloques de Expresión Escrita e de Expresión Oral que forzan o alumnado á activación dun elevado número de recursos e destrezas tanto activas como pasivas.

Nas seguintes táboas presentamos o número de estándares nos que se traballa cada competencia en cada curso, así como a correspondente porcentaxe que representan eses estándares en cada curso.

| | Número de estándares nos que se traballa cada competencia | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Materia | CCL | CMCCT | CD | CAA | CSC | CSIEE | CCEC |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | 51 | 0 | 13 | 19 | 14 | 2 | 5 |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | 51 | 0 | 12 | 17 | 16 | 5 | 6 |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso | 49 | 0 | 16 | 19 | 20 | 3 | 4 |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | 54 | 0 | 13 | 24 | 20 | 5 | 6 |
| Lingua Galega e Literatura (Total ESO) | 205 | 0 | 54 | 79 | 70 | 15 | 21 |
| Lingua Galega e Literatura. Bach. 1º Curso | 48 | 0 | 4 | 19 | 18 | 7 | 2 |
| Lingua Galega e Literatura. Bach. 2º Curso | 36 | 0 | 4 | 16 | 12 | 3 | 3 |
| Lingua Galega e Literatura (Total BAC) | 84 | 0 | 8 | 35 | 30 | 10 | 5 |
| Total Area de Lingua Galega e Literatura | 289 | 0 | 62 | 114 | 100 | 25 | 26 |

| | % de estándares nos que se traballa cada competencia | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Materia | CCL | CMCCT | CD | CAA | CSC | CSIEE | CCEC |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 1º Curso | 49% | 0% | 13% | 18% | 13% | 2% | 5% |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | 48% | 0% | 11% | 16% | 15% | 5% | 6% |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 3º Curso | 44% | 0% | 14% | 17% | 18% | 3% | 4% |
| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | 44% | 0% | 11% | 20% | 16% | 4% | 5% |
| Lingua Galega e Literatura (Total ESO) | 46% | 0% | 12% | 18% | 16% | 3% | 5% |
| Lingua Galega e Literatura. Bach. 1º Curso | 49% | 0% | 4% | 19% | 18% | 7% | 2% |
| Lingua Galega e Literatura. Bach. 2º Curso | 49% | 0% | 5% | 22% | 16% | 4% | 4% |
| Lingua Galega e Literatura (Total BAC) | 49% | 0% | 5% | 20% | 17% | 6% | 3% |
| Total Area de Lingua Galega e Literatura | 47% | 0% | 10% | 19% | 16% | 4% | 4% |

Da análise da táboa concluímos que no noso perfil competencial:

1. A CCL é, loxicamente, a que ten maior peso, cunha media do 47% (46% en se cundaria e 47% en bacharelato).
2. En segundo lugar sitúase a CAA, cunha media do 19% (18% en secundaria e 20% en bacharelato)
3. En 3º lugar está a CSC, cunha media do 16% (16% en secundaria e 17% en ba- charelato)
4. 4º lugar ocúpao a CD, cunha media do 10% (12% en secundaria e 5% en bacha- relato)
5. En 5º lugar están a CSIEE e a CCEC, cunha media do 4% total e coa excepción de que en 1º de bacharelato a CSIEE supera en porcentaxe á CD, situándose no 4º lugar.

**6.** A CMCCT non ten peso significativo.

## 2.2 Contribución á consecución das competencias clave

A área de Lingua Galega e Literatura contribúe, como quedou demostrado, dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman a competencia en comunicación lingüística. Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta. Ademais de ser a vía de coñecemento e contacto coa diversidade cultural.

A lingua é unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar o alumnado para relacionarse na sociedade, para adquirir novos coñecementos e entender a realidade, para analizar criticamente a información, para xerar e difundir ideas ou opinións e mais para expresar a súa afectividade e regular as emocións.

As habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada (escoitar, expoñer, dialogar, ler, escribir, comprender, saber comunicar) e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación son capacidades que se transfiren e aplican á aprendizaxe doutras linguas, o cal contribúe á súa vez a acrecentar a competencia sobre o uso da linguaxe en xeral.

En Galiza, recollendo as normas do *Estatuto de Autonomía,* todos estes elementos que configuran a competencia lingüística estarán referidos ás dúas linguas oficiais: o galego, como lingua propia de Galiza, e o castelán, así como, polo menos, a unha lingua estranxeira.

Dado que a área de lingua e literatura se orienta á adquisición de destrezas que permitan o uso pleno da lingua nun amplo abano de contextos, é evidente que constitúe o **ámbito privilexiado para o progreso da competencia en comunicación lingüística** (**CCL**) en toda a súa extensión. Debemos ter especialmente presente a relevancia do desenvolvemento da **comprensión lectora**. A lectura aparece integrada como habilidade básica desta competencia, mais tamén se lle recoñece o valor instrumental imprescindíbel para a consecución das restantes competencias e, en xeral, de calquera das actividades que garden relación non só coa educación, senón co desenvolvemento vital persoal

Ademais de contribuír dun xeito decisivo ao desenvolvemento da **competencia comunicativa**, a área de Lingua e Literatura Galega garda unha relación moi estreita coas outras competencias básicas:

**Competencia para aprender a aprender** (**CAA**). O acceso ao saber e á construción de coñecementos mediante a linguaxe relaciónase directamente con esta competencia, que se debe desenvolver a través dunha actitude de curiosidade, interese e creatividade cara ao propio proceso de aprendizaxe. A Lingua Galega e Literatura favorece a estruturación do pensamento e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe que se poden extrapolar a outras áreas e contextos. Neste sentido traballaremos de forma prioritaria:

- A xestión dos recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- A cración de estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- A aplicación de estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico e emocional.
- desenvolvemento de estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

Algunhas das **actividades** que na nosa materia facilitan as citadas estratexias son:

- As lecturas comprensivas
- Os debates e conversas reflexivas
- A composición de sínteses, resumos, esquemas e mapas conceptuais que organicen as ideas
- A interpretación das informacións lingüísticas dos dicionarios
- As exposicións e conclusións sobre tarefas académicas
- A atocorrección, autoavaliación e coavaliación das actividades.
- Potenciación da motivación e da confianza.

Tamén contribuirá decisivamente a valoración da lectura e a escrita como fontes de enriquecemento propio así como a potenciación da motivación e da confianza.

No desenvolvemento práctico do currículo da materia prestarase especial atención á asunción do erro como parte do proceso de aprendizaxe, así como á necesidade de desenvolver a capacidade de autocorrección (oral e escrita) como unha maneira de aprender.

**Competencia para o sentido da iniciativa e o espírito emprendedor** (**CSIEE**). A adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar nesta competencia e na regulación da propia actividade con progresiva autonomía, porque aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e tomar decisións. É así que faremos especial fincapé en que o alumnado:

- Optimice os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
- Asuma as responsabilidades encomendadas e dea conta delas.
- Sexa constante no traballo superando as dificultades.
- Axuste a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
- Xestione o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
- Xere novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
- Optimice o uso dos recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Mostre iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

A autonomía e iniciativa persoal promóvense desde a materia de lingua e literatura co contacto activo e continuo con distintos espazos de comunicación. É así que algunhas das **actividades** que na nosa materia contribúen a desenvolver esta competencia son:

- As intervencións en situacións de comunicación reais ou simuladas
- Os obradoiros de escrita
- As lecturas dramatizadas de obras literarias
- A lectura de obras literarias que estimulen a imaxinación e fomenten a creatividade e o pensamento crítico.
- Os obradoiros de escrita; o uso progresivamente autónomo dos medios de comunicación social, das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) e da biblioteca para aprender a manter unha actitude crítica ante as mensaxes recibidas
- Os traballos en grupo
- A localización e selección de información
- As investigacións sobre temas
- As postas en común
- A orientación lectora
- A participación en proxectos de dinamización lingüística
- O fomento da autoestima lingüística, etc.
- Actividades que motiven a cumprir obxectivos, etc

**Competencia dixital** (**CD**). A nosa materia tamén contribúe a progresar nesta competencia posto que unha das súas metas é proporcionar coñecementos e destrezas para a busca e selección de información relevante, así como para a súa reutilización na elaboración de textos orais e escritos propios. Por outra banda, a diversidade de modalidades e soportes textuais ou informativos require hoxe dunha alfabetización máis complexa.

É así que a relación da competencia dixital coa lingua galega e literatura ten dúas dimensións complementarias:

Dunha banda, cómpre aprender a utilizar unha serie de ferramentas que hoxe en día se presentan en soportes variados e que lles permitirán ás alumnas e ós alumnos mellorar as súas habilidades e obter información verbo da área que nos ocupa, desde as máis estritamente lingüísticas (como dicionarios, correctores ortográficos...) ata as relacionadas coa materia dun xeito menos exclusivo (enciclopedias, xornais dixitais...), pasando por outras de corte literario (bibliotecas virtuais, catálogos de publicacións...).

Doutra banda, a lingua mesma é unha ferramenta que nos permite aos cidadáns e cidadás enfrontármonos á crecente cantidade de información de que se dispón, e por tanto con ela podemos e debemos seleccionar, analizar criticamente, organizar, relacionar e sintetizar esa información co fin de transformármola en coñecemento.

As seguintes **actividades** contribúen a desenvolver esta competencia para transformar a información en coñecemento:

- O uso de dicionarios dixitais
- O uso de correctores ortográficos
- O emprego de enciclopedias e bibliotecas virtuais
- O acceso a xornais dixitais
- A produción de textos propios logo da selección, análise crítica, esquematización e síntese da información
- O uso de soportes electrónicos para a presentación de traballos e para o desenvolvemento do Plan Lector, etc.

**Competencias sociais e cívicas** (**CSC**). Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse a outras realidades. Trátase, polo tanto, dun instrumento fundamental para a socialización e o respecto polas normas de convivencia.

Desde a materia de lingua galega e literatura é obrigado facilitar, a través do traballo con diferentes tipos de textos e situacións de comunicación, a aproximación crítica á realidade, así como o coñecemento e exercicio dos valores democráticos e dos dereitos civís.

O traballo das destrezas dialóxicas prepara para compartir e respectar saberes e referencias culturais. Ademais, redunda na mellora da práctica de normas sociais de convivencia ou no emprego da negociación para chegar a acordos. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumpir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar na nosa materia esta competencia. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria propias da área, así como a valoración da diversidade lingüística e a importancia da crítica textual, fan fundamental o traballo da CSC.

Algunhas das **actividades** que contribúen a desenvolver esta competencia son:

- A análise crítica dos usos discriminatorios da linguaxe mediante os cales se transmiten prexuízos e imaxes estereotipadas do mundo.
- Os comentarios críticos de distintos tipos de textos (especialmente os procedentes dos medios de comunicación)
- Actividades de adquisición de destrezas para comunicarse de forma eficaz
- As conversas reflexivas e os debates
- As intervencións en público
- As charlas literarias, etc.

**Competencia para a conciencia e as expresións culturais** (**CCEC**). Disponse de competencia cultural e artística se se crean, comprenden, aprecian e valoran con criterio manifestacións estéticas. Nesta área isto concrétase sobre todo no ámbito literario, mais tamén no coñecemento e valoración da riqueza cultural que supón a diversidade lingüística e a expresividade popular da fala.

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias e o coñecemento do acervo literario fan da nosa área un cauce idóneo para adestrar a competencia. Se ademais se relacionan as manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas: pintura, música, cinema..., esta competencia sairá reforzada.

Algunhas das **actividades** previstas nesta programación que contribúen a desenvolver a CCEC son:

- Visitas a museos
- Participación en concertos, festivais ou recitais poéticos
- Asistencia a representacións teatrais
- Lecturas dramatizadas
- Visión e análise de filmes ou documentais.
- Realización de roteiros literarios
- Lecturas de textos literarios na aula
- Lecturas individuais das obras literarias obrigatorias e voluntarias
- Identificación das relacións entre as manifestacións artísticas e as sociedades en que se insiren
- Análises da evolución das ideas estéticas e dos gustos e convencións.
- Debates ou proxectos sobre diversidade cultural
- Obradoiros de escritura, etc

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía** (**CMCCT**). Aínda que esta competencia non ten peso na nosa materia, podemos contribuír a desenvolver de forma xeral varios aspectos desta competencia. As análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico e a súa sistematización a aplicación dun método rigoroso. Por outro lado, a variada tipoloxía e temática dos textos posibilita a relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental.

Ademais a lingua é imprescindible para explicar unha gráfica, para ler un mapa ou para entender as estatísticas que inzan os xornais. Algunhas das **actividades** que poden contribuír a desenvolver esta competencia son:

- Interpretar mapas
- Comentar gráficas
- Interpretar estatísticas
- Realizar estudos sociolingüísticos
- Calcular porcentaxes...

Dentro do curriculo da materia, as mencionadas tarefas están especialmente vinculadas aos contidos de sociolingüística e historia da lingua.Foméntase así o rigor, o respecto aos datos, a veracidade e a valoración do coñecemento científico

## 3. OBXECTIVOS PARA O CURSO

Neste apartado imos concretar as estratexias específcas a traballar por curso para conseguir plenamente no fnal de etapa os obxectivos xerais especifcados no anterior apartado.

- Deseñar actividades de aprendizaxe integradas con visión interdisciplinar, con educación personalizada que combinen coñecementos, motivacións, valores éticos, actitudes e emocións.
- Darlle máis responsabilidade nas actividades grupais ao alumnado menos motivado.
- Cuidar estratexias que melloren sempre o interés e a motivación.
- Repetir as prácticas educativas de éxito dos cursos anteriores, seguir a mellorar a metodoloxía por proxectos que me ten funcionado tan ben o curso 2016-2017. Véxase memoria Departamento dese curs
- Coñecer as causas de desmotivación do alumnado para traballalas.
- Facer unha selección cuidada sempre de contidos significativos.
- Contar cos informes de primaria e a avaliación inicial para o deseño de actividades do 1º curso, así como saber xestionar o nivel de motivación, a apertura mental, boa predisposición, respecto ao saber, respecto ás diferencias individuais e a alta valoración dos contidos da materia coa que chegan de primaria.
- Lograr que todos avancen e as diferenzas sexan riqueza integradora.
- Partir da competencia oral para mellorar a comprensión e a expresión escrita dos alumnos que presenten dificultades.

No nivel de 2º pretendo poder avanzar con eles na conquista de espazos públicos con voz e corpoen canto a normativa covid nolo permita. Quero lograr que traduzan con palabras a asertividade e presenza que delatan os seus ollos. Trátase de mellorar pois a competencia comunicativa na dimensión proxémica, cronética e quinésica.

No nivel de 3º pretendo consolidar a responsabilidade, a autonomía e estratexias de eficacia cos alumnos que recibiron reforzo. Deberán seguir avanzando no dominio da estruturación, puntuación e uso de conectores adecuado nos textos.

No nivel de 4º quero consolidar os logros en canto a integración, motivación e interiorización de esquemas de éxito. Asi como tamén perseguir a excelencia na experesión escrita e literaria . Comunicármonos a través da poesía está normalizado neste grupo.

A parte de todo esto, non quero perder de vista os obxectivos funcionáis que lles permitirán seguir avanzando na súa traxectoria curricular no futuro e que agora detallo:

OBXECTIVOS PRIMEIRO CURSO.

- Tomar conciencia da singularidade fonética, fonolóxica e morfolóxica do sistema lingüístico da nosa lingua.
- Familiarizarse coas excepcións á norma en todos os planos da linguaxe.
- Saber explicar o funcionamento das distintas normas a partir de usos concretos. - Saber escoitar e escoitárense para aprender do outro, coñecerse e mellorar o seu discruso.
- Seren capaces de crear textos variados a partir de modelos propostos e traballados na aula.

OBXECTIVOS SEGUNDO CURSO.

- Afianzar o uso das excepcións para cada categoría morfolóxica
- Saber identifcar as unidades lingüísticas e os seus constituíntes
- Saber identifcar as distintas funcións sintácticas
- Comprender a evolución da lingua como sistema en continuo diálogo cunha realidade histórica concreta.
- Comprender a aportación de sufxos e prefxos nunha perspectiva diacrónica - Saber crear textos expositivos, argumentativos e relatos breves.

OBXECTIVOS TERCEIRO CURSO

-Optimizar as estratexias adquiridas no primeiro e segundo curso.
- Entender o discurso literario como río transversal onde espellean múltiples realidades.
- Extrapolar os códigos específcos literarios, traballados no programa, propios do medioevo e do dezanove ás esixencias do discurso do presente.

OBXECTIVOS CUARTO CURSO

- Afianzar o aprendido en morfoloxía, sintase e creación nos cursos anteriores.
- Poder comprender e responder aos distintos textos da nosa riquísima producción literaria do século XX coa corrección, profundidade e madurez adecuada.

## 4.CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE RELACIONADO COA TEMPORALIZACIÓN,GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA E INTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

OBXECTIVOS XERAIS

| |
|---|
| • a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solida- riedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os derei- tos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e preprararse para o exercicio da cidadanía democrática. |
| • b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal. |

| |
|---|
| • c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportuni- dades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereoti- pos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera mani- festación de violencia contra a muller. |
| • d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os pre- xuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos. |
| • e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación. |
| • f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia. |
| • g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participa- ción, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a apren- der, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades. |
| • h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua gale- ga e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura. |
| • i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apro- piada. |
| • l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia pro- pias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mu- lleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade gale- ga, ou a outras culturas do mundo. |
| • m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e in- corporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolve- |

| |
|---|
| |
| • n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artís- ticas, utilizando diversos medios de expresión e representación. |
| • o) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histó- rico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e res- pectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito. |
| • p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento funda- mental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación inter- persoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona. |

Organizaremos o desenvolvemento dos contidos a partir duns eixos temáticos e tomando como punto de partida a etapa anterior do ensino obrigatorio, o ensino primario, a fn de posibilitar un desenvolvemento máis profundo da competencia de cada alumno e de cada alumna.

Cada curso vén a constar de doce unidades (1º, 2º e 3º) e nove unidades (4º); cada unha das unidades estrutúrase a súa vez en tres apartados, según un esquema predeterminado:

- Un primeiro bloque centrado en actividades de expresión oral e escrita.
- Un segundo bloque tendente a refexionar sobre as estructuras da lingua.
- Un terceiro bloque no que predominaría o estudio de contidos de carácter literario ou socio- lingüística.

O bloque de técnicas de traballo incorpórase como ferramenta habitual de traballo de tódolos demais bloques.

As diferentes unidades parten dun texto, dun deseño, dun elemento que motive ou sensibilice o alumnado e procuramos que sexan en todo momento lúdicas e agradables. A partir dese elemento motivador inicial organízase e desenvólvese a unidade.

Consideramos necesario entre catro e cinco aulas para cada unidade se queremos superar as estratexias tranmisoras propias do ensino memorístico. Porén, non todas as unidades teñen a mesma extensión nin a mesma complexidade, co que deberá ser en última instancia o profesor ou profesora que decida o tempo dedicado a cada unidade.

Cada curso estruturarase á súa vez combinando de forma axeitada os contidos de cada un dos bloques temáticos establecidos no DCB para esta etapa, facendo máis fncapé nuns ou noutros segundo a idade do alumnado a que van dirixidos.

Esta presentación compartimentada non debe levar a pensar que se trata de unidades autónomas que se poden desenvolver como tales. Ao contrario, débense presentar como interrelacionadas entre si.

A distribución de contidos para cada curso faise atendendo a criterios de apronfundamento progresivo. Así, nos tres primeiros cursos predomina o bloque de contidos Lingua Oral e Escrita, ao que se xunta o bloque de contidos "medios de comunicación", que ocupan a metade, aproximadamente, dos contidos destes cursos, mentres que no cuarto curso predominaría o estudio da lingua literaria.

Os contidos da programación están pensados para ser desenvolvidos durante un ano académico. Teranse en conta aspectos como os seguintes:

- Adecuación ao nivel de desenvolvemento cognoscitivo do alumnado; a partir dos doce anos o alumnado adquire e consolida un tipo de pensamento de carácter abstracto que traballa con operacións lóxico-formais.
- Adecuación aos coñecementos previos das alumnas/os.

- Priorización dos contidos procedimentais.

## 4.1 SECUENCIACIÓN DE CONTIDOS

Presentamos a seguir a distribución e organización dos contidos por curso, onde as competencias aparecen ligadas directamente a contidos, criterios de avaliación e estándares avaliables.

Organizamos os contidos segundo as unidades destinadas para cada curso e atendendo aos bloques temáticos en que está confgurada a área.

A estrutura de cada unha das unidades que conforman o manual de primeiro, segundo, terceiro e cuarto é o seguinte:

1. LECTURA

Este bloque terá como fío conductor lecturas variadas que recollan o léxico contemplado no DCB para o curso correspondente da ESO coa fIn de enriquecer a súa competencia léxica.

Promoveranse actividades que interrelacionen tanto o aprendido na aula como o aprendido a través das novas fontes de información, co tradicional: a transmisión oral familiar, o contorno ...

2. LINGUA E SOCIEDADE

Neste bloque teñen especial relevancia os contidos actitudinais. Buscarase unha metodoloxía que permita contrastar opinións, aclarar ideas e toma de conciencia da necesidade da contribución do alumnado ao proceso de normalización lingüística.

Entre as actividades a realizar, propeñemos: postas en común, o debate, o remuiño de ideas, os comentarios orais coa idea de combater os prexuizos lingüísticos, a procura de información sobre outras situacións lingüísticas parellas á nosa, a participación en campañas e actividades de normalización.

3. ESTUDO DA LINGUA

Neste bloque pretèndese que o alumnado sexa quen de interpretar e producir con corrección todo tipo de textos adecuados o seu nivel formativo e de madureza persoal. Hai que ter en conta que a lingua se estuda para mellorar as competencias comunicativas. Os contidos teóricos deben servir para mellorar os discursos propios.

As actividades de repetición de estructuras gramaticais, fora de contexto, só serviran como reforzo en puntos concretos.

4. COMUNICACIÓN E TÉCNICAS DE TRABALLO

Este é un bloque de contidos prácticos que debe servir como ferramenta para outras materias do currículo.

Os temas de investigación, as ideas principais, o subliñado, o esquema, o resumo, o tema, a estructura dos textos, o recoñecemento dos diferentes tipos de textos (narrativo, descriptivo e dialogado), a elaboración

de textos propios e comentarios estarán preferentemente relacionados con contidos de Lingua e Sociedade e Literatura.

As actividades que propoñemos inciden na selección, interpretación e reelaboración de información de calidade.

5. LITERATURA

Partimos da lectura e da interpretación do texto literario. Imos ir do textual o referente extralingüístico para volver o texto e captar todo o seu signifcado.

Valerémonos dunha forma de alto valor estético como é a literatura para traballarmos os contidos da teoría literaria, facendo un achegamento aos tres grandes xéneros.

Daranse as pinceladas oportunas de información sobre a época hístorica coma movementos literarios, biografía dos autores, que faciliten a interpretación do texto.

### 4.2 TEMPORALIZACIÓN

Consideramos oportuno temporizar por trimestres para marcar un ritmo e abranguer o amplo temario que temos por diante. As características e das propias unidades poden axilizar o amortecer o desenvolvemento do programa.

Distribución dos contidos por trimestre: nos cursos de primeiro, segundo e terceiro daránse 4 unidades por trimestre e no curso de cuarto, 3 unidades.

LINGUA GALEGA E LITERATURA, 1º , 2º , 3º e 4º CURSO.

De conformidade coa Orde ECD/65/ 2015 do 21 de xaneiro imos mostrar, tomados do documento ofcial, a relación de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares avaliables e competencias integrados.

Asómense as modifcacións necesarias en canto a metodoloxía e avaliación coa fn de achegármonos aos obxectivos (artigo 10 DOGA 29 de xuño). Ningún deles está en contradicción coa LOE. A competencia integradora, ese saber facer de forma efcaz, utilizando coñecementos, habilidades, valores éticos e exercendo de forma crítica a súa cidadanía activa foi, en última estancia, sempre obxectivo de todo proceso educativo. Tomando como norte a fnalidade última da educación secundaria, é decir, achegar o alumno a todas as manifestacións artísticas, sociais, humanísticas, científcas e tecnolóxicas, en defnitiva, culturais ao longo da historia e desde a palabra, de forma refexiva de modo que atope o seu propio relato para posicionarse no mundo, e, desde o respecto saiba aprender do discurso dos outros, interactuando desde o diálogo.

É así como se entende a interculturalidade, como manifestación da diferencia que enriquece, sendo coñecedores do común de todos, do particular que é universal.

É riqueza a variedade que se concreta en manifestacións altísimas do espíritu, que son as linguas. O plurilinguísmo así asumido é o noso presente.

A ese saber facer como competencia clave integradora engado un chanzo máis. Non só saber, non só saber facer, senón, saber ser.

-Véxase anexo I, final de programación.-

### 4.3. MÍNIMOS ESIXIBLES

**<u>Primeiro curso: niveles mínimos</u>**:

1- Saber ler, entender, facerse preguntas e contestar a nivel oral e escrito a textos dunha complexidade adecuada a súa idade.

2- Dominio das regularidades do sistema morfolóxico desta lingua.

**Segundo curso: niveles mínimos:**

1- Dominio do uso adecuado das excepcións das distintas categorías morfolóxicas.
2- Saber identifcar as unidades lingüísticas e funcións sintácticas.
3- Comprender a liña de evolución diacrónica, do sistema da lingua.
4- Ter autonomía básica na creación de textos expositivos, argumentativos e de creación propia.

**Terceiro curso: niveles mínimos**:

1- Saber identifcar os distintos axentes do discurso literario.
2- Diferenciar o código específco deste discurso.
3- Entender as súas diferencias específcas no seu percorrido histórico.
4- Saber utilizar a literatura como trampolín para as súas propias creacións.
5- Coñecementos básicos da produción literaria ata o 1916.

**Cuarto curso: niveles mínimos:**

1- Saber entender un texto en profundidade e contestalo con rigor.
2- Producir textos correctamente elaborados e con discursos adecuados ás distintas producións.
3-Seren capaces de articular textos argumentativos con contidos transversais, coñecer a cosmovisión das distintas xeracións e autores a partir de 1916.

## 5. CRITERIOS METODOLÒXICOS

### 5.1. ASPECTOS METODOLÒXICO-DIDÁCTICOS DE CARÁCTER XERAL

O modelo didáctico que guía o noso proxecto parte da **Teoría da Aprendizaxe Signifcativa** (á súa vez baseada nas aportacións da psicoloxía constructivista e cognitivista), e está centrado básicamente arredor de dous principios psicopedagóxicos:

- A **aprendizaxe** é un **proceso de construcción do coñecemento** que o alumno/a realiza activamente guiado polo profesor/a.
- **As aprendizaxes deben ser signifcativas**; isto é, deben ter sentido para o alumnado (única maneira de que estea motivado para adquirilas). Para que se produza aprendizaxe signifcativa é preciso que os novos contidos, obxecto da aprendizaxe, se integren na estructura cognoscitiva o alumno/a de xeito comprensivo e funcional, ou sexa, de maneira que eses novos contidos adquiran signifcado en relación cos contidos xa posuídos e con plena conciencia da súa aplicación en contextos diversos.

Ao mesmo tempo este modelo fai fncapé na consideración de dous aspectos básicos:

- Por un lado na consideración das **características idiosincráticas de cada alumno/a**; daquela ten especial relevancia o coñecemento previo da situación do alumno/a en relación cos contidos conceptuais e as técnicas procedimentais que en cada momento se lle van a propor.

- Doutra banda o **profesor/a** deixa de ser un "dispensador" de coñecementos para asumir un papel fundamental **como mediador**, como guía das aprendizaxes, escolmando os estímulos do medio, os contidos e os procedementos de traballo máis adecuados para facilitar a aprendizaxe dos alumnos/as.

O que se intenta, en defnitiva, é que o alumnado aprenda a aprender e a utilizar os novos coñecementos de forma máis efcaz.

De acordo co modelo didáctico presentado, só se produce aprendizaxe permanente (signifcativa), se o alumno/a se converte no verdadeiro suxeito activo da súa propia formación. Para que isto suceda a

mediación do profesor/a é fundamental. A metodoloxía que empregaremos ha de ter, en consecuencia, as seguintes características:

- Será inductiva, potenciadora do protagonismo do alumno, fuxido o máis posible da clase maxistral.
- Estará centrada no alumno/a, que se autoformará por interacción, por suposto co profesor/a, que actuará como facilitador ou mediador das aprendizaxes.
- Potenciará a creatividade e a orixinalidade presentando propostas de traballo suxestivas e adecuadas aos intereses do alumnado.
- Desenvolverá a motivación intrínseca, ou sexa, a atracción e o gusto pola tarefa en si. Se as tarefas que se ofrecen son útiles para outras aprendizaxes escolares e/ou para a vida do suxeito, créanse hábitos de traballo gratifcantes. Aprender é motivante por si mesmo se os contidos teñen interés e sentido para os alumnos/as. Para que isto poida ocorrer debemos desenvolvelos sempre a partir dos seus coñecementos previos e de situacións concretas e particulares que lles sexan signifcativas. A partir do coñecido, concreto e particular podemos chegar, por desequilibrios sucesivos, impulsando o potencial de aprendizaxe de cada un, ata o máis descoñecido, xeral e abstracto.
- Fomentará a participación activa nas clases. O ensino non debe ser un traspaso de información de profesor/a a alumnos/as, senón un proceso colaborativo de desenrolo persoal. Os alumnos aprenden do profesor/a, pero tamén dos seus compañeiros, do conxunto de actividades que realizan entre si, etc.
- Fomentará o traballo cooperativo. En grupo os alumnos/as aprenden non só a pensar, senón tamén a observar, escoitar, confrontar as opinións propias coas alleas, respetalas e formular hipótesis nunha tarefa en equipo.

Faise, pois necesario situar a didáctica da lingua neste novo enfoque en que o alumno e a alumna pasen a ser receptores de contidos teóricos a seren actores e protagonistas. Para abordar a preparación do noso proxecto desde a mencionada perspectiva guiáronnos, sobre todo, catro consideracións fundamentais:

- Que desde o sistema educativo os alumnos/as teñen que ter acceso aos elementos e instrumentos básicos da cultura galega e desde ela da cultura universal.
- Que o sistema educativo ha de lles proporcionar as ferramentas e estratexias que lles permitan desenvolvérense na vida adulta e exerceren os seus dereitos como cidadáns e cidadás.
- Que o alumno o alumna ten que ser o protagonista fundamental dentro da aula e non un mero receptor. En consecuencia, debemos procurar prescindir ao máximo do hábito da explicación teórica e intentar que a fgura do profesor ou profesora sexa a de dinamizador das actividades que propomos.
- Que rompan coa dinámica da aprendizaxe deductivo que ata agora o sistema escolar tiña asumido e nos sitúe noutra máis orixinal, refexiva e lúdica que permita a alumnas e alumnos alcanzaren a madurez lingüística propia de cada etapa educativa.

## 5.2. ESPECIFICIDADE DO ENSINO DA LINGUA E DA LITERATURA GALEGA

O ensino da Lingua e Literatura Galega ten de se enfrontar a varios problemas, entre os que salientamos:

- O primeiro é que o galego aínda non alcanzou o estatuto de lingua normal pois se empregamos indicadores de "saúde" lingüístico-social -cobertura funcional, diversidade de ámbitos, institucionalización, autoestima ...- vemos que, ao contrario que outras linguas, a nosa non constitúe sistema, non determina o efecto multiplicador que xera nas linguas normais o espacio simbólico consolidado, é aínda, na practica de moitos locutores, máis **palabra** do que **lingua**.

- O segundo ten que ver co carácter de **lingua B** e, colateralmente co feito de que a desaparición ou "cura" de preconceptos non equivale, automaticamente, a reparación do uso dun idioma deprimido. Se a primeira ten que ver, fundamentalmente, coa existencia dun espacio simbólico onde os falantes recoñezan un novo espello para o seu idioma, a segunda funciona gracias a outros medios, activados socialmente e estimuladores do cambio lingüistico individual. Se o primerio é un proceso psicosocial, o segundo é sociolóxico-político, no sentido máis lato do termo. É así que, se na diacronía máis recente do galego teñen desaparecido moitos dos "auto-" que empedían a súa correcta consideración social, non camiñou ao mesmo ritmo nin coa mesma intensidade a deriva fundamental: a necesaria re-implantación do uso xeneralizado, do uso pleno.

O galego, sendo a lingua propia de Galicia, a única creada neste país e maioritariamente falada pola súa poboación, non é a lingua hexemónica socialmente, nin goza do rango de lingua ofcial a todos os efectos nin ten cuberto todo o abano funcional que lle asegura vida plena a un idioma. Aínda que nos últimos quince ou vinte anos se varreron moitos preconceptos sobre o seu uso e aumentaron ostensiblemente as súas posibilidades de utilización, segue a ser unha lingua dominada, que se debate entre a obxectiva subordinación ao español e a tensión normalizadora.

No caso da literatura galega falta o universo das representacións consolidado (que non se bota en falta no estudio doutras literaturas, como a española), ou ben ten superposto un universo de representacións falsifcado, por descoñecemento da propia historia do país -ou de aspectos fundamentais da mesma-. Preséntansenos así os seguintes atrancos:

- Se a literatura de calquera país é unha das súas cédulas de identidade principais, a literatura galega segue a ser "unha extranxeira na súa patria". É, aínda, ínsula dentro dunha ínsula: unha institución non de abondo recoñecida dentro dunha sociedade na que o idioma non está normalizado.
- A literatura defnibel como galega, isto é, a escrita no idioma galego, ofrece un modelo monolingüe que vai ser recibido e consumido nun ambiente desnormalizado lingüisticamente.
- A literatura galega ten fortemente entorpecida a comunicación e interrelación, en benefcio mutuo, coas literaturas nacionais dos países da súa mesma área lingüística ( Portugal, Brasil, países africanos de lingua portuguesa ).
- A literatura galega ten unha especifcidadeque se releva imprescindibel coñecer de non querernos falsear o seu coñecemento e interpretación. Pero dase o paradoxo de que a literatura que naceu na historia contemporánea precisamente como oposición (e non como contraste) á literatura española, única existente e recoñecíbel como tal institución ata o Rexurdimento, é percibida como un apéndice ou un complemento ocasional desta.
- A consecuencia inmediata da anteriormente mencionada percepción é a utilización dunha metodoloxía incorrecta para o estudio da literatura galega. Así a aplicación de taxonomías válidas para, por exemplo, o exame da literatura española do século XIX, van resultar inhábiles para o estudio da galega no mesmo período, porque os movementos estéticos, as grandes correntes artísticas (por non citarmos outros moitos feitos atinentes á xénese, á función e máis a recepción da segunda) van acadar un outro sentido e van ter unha outra realización en contexto galego, por veces mesmo antiética da funcionalidade adquirida na literatura española ou noutra(s) literatura(s) europea(s). Non só a conceptualización estética se ve atinxida; tamén, a periodifcación e a propia avaliación do fenómeno.

## 5.3 CRITERIOS METODOLÓXICOS ESPECÍFICOS

Terase moi presente o principio organizador básico da análise literaria que consiste en recoñecer a autonomía e especifcidade do obxecto estudiado e, sobre ellas, montar a descrición e a interpretación.

Será moi necesario, centrar ao máximo a defnición correcta do obxecto de estudio e dotarse dos medios adecuados para o coñecer. É urxente facer atractivo este exercicio, non por banalización senón por un

empeño de devolución, de restitución: cómpre, restituir, vía coñecemento a familiarización, á sociedade galega, dúas das súas institucións axiais.

**A metodoloxía será interactiva en dous planos correlacionados:**

- <u>O primeiro plano é a da necesaria vinculación lingua-literatura.</u>

Para a xeneralidade do alumnado, a literatura galega vai ser a única peza do espacio simbólico do idioma coñecida: ben partindo dunha familiarización ambiental co idioma do país, ben partindo dunha situación de estrañamento a respecto del, a escrita literaria vai ocupar, por metonimia, o espacio da escrita en xeral (que non existe como tal).

A literatura galega vai ser fonte continuada de coñecemento gramatical, entendendo por tal non o restrito de carácter normativo, senón o **saber idiomático** e máis **o saber elocucional** e o **saber expresivo**: ella proporcionará non só regras para a actuación lingüística, senón tamén a semántica e a estilística propias do idioma galego.

A literatura galega permite a realización do seguinte itinerario: utilizamos o textual, o lingüístico, como forma de coñecemento do referente extra-lingüístico; unha vez identifcado e comprendido este, voltamos ao texto, ao lingüístico, para captalo en toda a súa signifcación; non se trata, pois, de ningunha "excursión" gratuíta: é o coñecemento do lingüístico o que privilexiamos; para isto, valémonos dunha mensaxe de alto valor estético -e tamén comunicativo- como é a literatura.

- <u>O segundo plano levaranos ao relacionamento do texto literario con outras formas de coñecemento.</u>

Tamén aquí realizaremos unha viaxe que vaia do signo literario aos signos e fenómenos non-literarios para, logo da súa detección e comprensión, voltarnos ao especifcamente literario. A literatura, como forma de coñecemento, non é isolábel das demais humanas; a elas acudiremos non por afán de erudición inconexa, senón por mellor comprendermos o literario na súa produción e función.

**Para a materia LINGUA, teremos en conta os seguintes criterios:**

- A explicación da percepción global do idioma galego e o estudio das condicións da súa recepción.
- As eivas conxénitas e as eivas adquiridas do galego como obxecto metalingüístico.
- O papel da gramática, nunca metonimicamente confundida coa lingua, como medio para e non como fn de; medio para un necesario coñecemento científco do obxecto, o idioma.
- A utilización do coñecemento lingüístico como producto e, á vez, como axente de coñecemento da sociedade onde a actividade lingüística se realiza.
- A aplicación da conceptualización e terminoloxía gramatical o máis actualizada posible que informe da sistematicidade particular do código galego.
- A explicación e actualización das representacións lingüísticas en textos variados: mitolóxicos, da literatura popular, da literatura culta.
- A explicación dos "mitos" modernos: a "igualdade" legal; a magnifcación do dereito lingüístico individual; as falsas fronteiras entre ciencia, política e moral; a pseudonormalización aparente.
- A utilización metódica, en fn, do método inductivo que camiña sempre do texto ao paradigma, da actuación ao sistema, do discurso realizado á norma.

**Canto á materia LITERATURA, seguiremos unha das máis recentes, comprensivas e completas propostas metodolóxicas das que se teñen elaborado para o estudio da literatura galega. Os criterios fundamentais serían os seguintes:**

- O estudio da dinámica histórica interna ao propio país. Ela axudaranos a comprender non só datos do pre-texto e máis do subtexto, senón mesmo características formais, estilisticas (retóricas, en xeral) do texto literario.
- O estudio da tensión particular de que nace a literatura galega emerxente na Idade Contemporánea, cunha xénese ben problematizada e diferente á da literatura galegoportuguesa medieval, espello maiúsculo -polas súas altísimas cualidades- dunha sociedade coa lingua normalizada.
- A relación dos momentos literarios expansivos e de calidade con momentos históricos onde a tensión ideolóxico-política é favorábel á causa do idioma.
- A interrelación especícfca da literatura galega con movementos e tendencias estéticas do exterior (tanto españois como europeos ou internacionais: literatura francesa, por exemplo, infuente en Rosalía de Castro; vangardas europeas e "ismos" nos novecentistas; *nouveau roman* na chamada "nova narrativa galega"; infuxo da moderna novela portuguesa ou brasileira en novelistas galegos actuais, así como en poetas a poesía de signifcados autores e autoras portugueses...).
- É de vital importancia privilexiar a óptica desde dentro para unha periodización e clasifcación dos diferentes movementos e escritores da literatura galega. No tocante á literatura galego-portuguesa, é fundamental o estudio da súa evolución e dinámica, a través dun período de máis de cento cincuenta anos de madureza, sobre todo para historifcar debidamente unha literatura que ten sufrido en exceso a inmobilización e a concepción estática ou submetida a uns paradigmas ríxidos. A respecto da literatura renacente desde o século XIX, haberá que reconceptualizar (ou desbotar, no seu caso) categorías estético-culturais como romanticismo, realismo, simbolismo, expresionismo, vangardas ...
- A división xeracional, practicábel nalgúns casos, terá que ser substituída polo criterio cronolóxico (de data de publicación de obras, isto é, da emerxencia como escritores galegos) noutros moitos.
- Ata, polo menos, 1936 (e na obra posterior a esta data de autores estreados antes), é visíbel a estreita afnidade e coñecemento sentimental e/ou intelectual dos escritores a respecto do seu país, así como a conciencia da necesidade da literatura para signifcar e representar artísticamente a Galicia. Síntoma desta conciencia será un trazo que chama poderosamente a atención a estudiosos estranxeiros da literatura galega e que coidamos que non foi de abondo salientado: o polifacetismo (inter-xenérico) e a dedicación combinada a mesteres públicos diversos da literatura en si de moitos autores.
- A periodización xeral da literatura galega que nos semella máis práctica e expresiva da evolución dunha institución como a literatura galega é a proposta por Basilio Losada Castro; a clasifcación deste autor considera unidades específcas as seguintes: época medieval; os séculos escuros; o Rexurdimento; a Xeración Nós; os movementos de vangarda; a prosa do século XX; e a literatura de posguerra (na diáspora, no interior do país).
- Ao fnal, propomos a busca metódica dos signos caracterizadores que funcionan como ellos de unión entre moi diversos escritores e movementos e para o que nos podemos valer dunha diacronía moi ampla. Sinalemos algúns aspectos relevantes: o papel da natureza; a especial vivencia do sobrenatural e da

relixiosidade (a súa humanización); as marxes da moral sexual; a representación literaria das mulleres; a épica e a contra-épica (o popular como protagónico); o debate sobre o propio instrumento utilizado como vehículo, o idioma galego; a ironía e o humor específcos; o compromiso declarado e o compromiso implícito dos textos; a representación explícita do propio país.

## 6. RECURSOS DIDÁCTICOS

Os materiais didácticos que temos previsto empregar para desenvolver o noso proxecto consistirán básicamente en:

- Caderno ou diario de clase no que se organizará o traballo seguindo determinadas pautas (no primeiro ciclo e no primeiro curso de segundo).
- Libros de texto: Lingua e Literatura. 1º ESO. Editorial Consorcio
  Lingua e Literatura. 2º ESO. Editorial Consorcio
  Lingua e Literatura. 3º ESO. Editorial Consorcio
  Lingua e Literatura. 4º ESO. Editorial Consorcio
- Materiais elaborados polo Departamento, ou escolmados de distintos textos, con exercicios diseñados para adquisición de algúns dos contidos (léxico, morfoloxía, sintase, ortografía, técnicas de composición de textos, creación literaria, socio-lingüística, historia da lingua e da literatura...)
- Cadernos de actividades de reforzo e ampliación.
- Diversos xogos de lingua.
- Historias da lingua e da literatura.
- Guías de lectura.
- Diccionarios de aula.
- Fontes documentais.
- Artículos xornalísticos.
- Obras de lectura recomendadas e optativas propostas polo Departamento (Proporanse listas abertas de lectura, con algunhas recomendacións, nos tres primeiros cursos do ESO. En 4º as lecturas serán máis guiadas e procurarase que alomenos dúas das tres lecturas obrigatorias sexan obras clásicas. Aínda así manteranse as listas abertas co obxectivo de estimular a lectura e os intercambios entre lectores/as).
- Fragmentos de obras literarias e obras completas (narrativos, escolmas poéticas, textos dramáticos...).
- Grabacións con poemas musicados e outros documentos sonoros.
- Videos, diaporamas, etc.
- Material audiovisual da rede. Serán de uso frecuente: Blogaliza, Cultura galega.org,

editorialgalaxia.com, Galipedia, Cienciaengalego.org, museodopobo.es, toponimia.xunta.es, xunta.es/tradutor, Biblioteca Virtual Galega. Arquivo audiovisual do Centro de Documentación da Asociación de Escritores en Lingua Galega.

## 7. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

### 7.1 OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Os criterios de avaliación vinculados ao desenvolvemento das competencias específcas e básicas materializarase en indicadores de desempeño.

Entendemos os indicadores de desempeño como enunciados que identifcan un tipo de conducta adecuado, efcaz e positivo, que supoñen sempre evolución e desenvolvemento. Proporcionan unha vía directa para determinar o grao (cuantitativo ou cualitativo) en que este se manifesta.

Son referentes cualitativos adecuados para seguir o proceso marcadores como:

- Sempre, frecuentement, ás veces e nunca
- Moito, bastante, pouco ou nada

Na programación de aula marcaremos entre catro e seis indicadores de desempeño por competencia. Nas unidades didácticas priorizaremos tres indicadores que serán consensuados ao longo do curso nas reunións de Seminario.

### 7.2 CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

A avaliación é un proceso esencial no noso labor didáctico e ten dúas versións:

a) A valoración que o profesorado facemos do noso traballo en relación ao que poden aprender os alumnos/as.
b) Os resultados que estes logran e que son analizados nos seus cadernos, as intervencións de clase, os exercicios de control, etc.

Realizaremos entón unha avaliación continua, formativa e integradora xa que, como mediadores do proceso de construcción do coñecemento que realizan os alumnos/as, necesitamos unha información constante da evolución dese proceso para introducir as modifcacións que en cada momento consideremos oportunas. Estas modifcacións poden ir desde a redefnición de algúns obxectivos a cambios metodolóxicos, organizativos, etc. Ademais con esta avaliación obteremos información sobre a consecución ou non dos obxectivos previamente propostos.

Diferenciaremos avaliación de califcación, non reducindo a primeira á segunda. Neste sentido sinalamos o seguimento dalgúns criterios xerais, en coherencia cos fundamentos teóricos xa perflados neste proxecto:

- Evitaremos a mera cuantifcación empregando enfoques cualitativos e personalizados.
- Non avaliaremos só os resultados, senón tamén o proceso, as actitudes, destrezas, etc.
- Valoraremos máis os aspectos positivos que os negativos e teremos en conta os erros como indicadores útiles de proceso de aprendizaxe.

Como criterios específcos indicamos que os haberá que entender como armazón dunha serie de contidos conceptuais, procedementais e actitudinais que se proxectan nas actividades de cada unidade e articulados na idea de que os niveis de aprendizaxe de cada alumno o alumna son diferentes polo que o labor de avaliación colectiva desenvolvido por un departamento xoga un papel determinante.

Isto último ten importancia na medida en que a avaliación debe ser entendida non só como a valoración dos coñecementos adquiridos polos alumnos e alumnas senón tamén como axuste da metodoloxía didáctica seguida polo profesor ou profesora.

Resulta evidente que para poder avaliar é imprescindible aprender a utilizar instrumentos e técnicas de avaliación diferenciadas para detectarmos o grao de aprendizaxe en relación coas distintas capacidades: aplicación de coñecementos, iniciativa para propoñer novos temas, síntese, etc.

A avaliación debe referirse aos progreso individuais que realiza cada alumno ou alumna en relación consigo mesmo e non só en relación coa media do grupo.

Este obxectivo pode verse facilitado co emprego de escalas de maior a menor complexidade na comprensión e utilización dos conceptos, procedementos e actitudes centrais na área.

Guiándonos por esas escalas sería posible facer un seguimento dos progresos e difcultades de cada alumno e alumna ao longo de cada curso.

Pese a todo, tan importante como a avaliación en si é o feito de que o alumno e a alumna coñeza os factores que forman parte desa avaliación e que poida, el ou ela, realizar unha persoal autoavaliación, aínda que sexa limitada.

**Primeiro Ciclo (1º , 2º e 3º)**

Recoñecemento dos fenómenos de contacto da lingua galega con outras linguas, nomeadamente co español. Interesa comprobar como o alumno ou alumna recoñece o parentesco do galego coas outras linguas románicas próximas e as interferencias que se producen entre ellas ao seren linguas en contacto. No caso do español, deberase recoñecer este contacto como causante do fenómeno diglósico que padecemos.

Elaboracións de resumos que capten o sentido xeral dunha exposición ou debate oral. Interesa comprobar a capacidade do alumno ou alumna para comprender o contido da mensaxe recibida e expresarse oralmente e por escrito con coherencia.

Expor oralmente as propias ideas sobre un tema, de forma fuída e axustándose a un plan elaborado de antemán. Servirémonos deste criterio para determinar a capacidade de organizar a exposición das súas ideas sobre un tema, axustándose a un plan elaborado previamente.

Producir textos escritos de diferente tipo (narrativo, descritivo, expositivo). Serviranos para comprobar se os alumnos e as alumnas son capaces de produciren textos de tipoloxía variada de acordo coa estructura correspondente, avaliarase a coherencia e a corrección do texto, sen esquencer os aspectos formais do escrito (marxes, disposición do texto, letra, etc. )

Debater sobre un tema, buscando previamente a información oportuna sobre el. Con este criterio comprobaremos se o alumno ou alumna participan en situacións de intercambio comunicativo, así como sobre o emprego das normas que rexen ese intercambio (petición de palabras, ton de voz adecuado, repecto polos turnos de intervención, etc. )

Consultar diferentes fontes de información para realizar traballos de investigación sinxelos. Avaliase así a capacidade do alumno ou alumna para investigar, de forma individual ou en grupo, tendo en consideración a súa idade e formación.

Producir textos orais e escritos relacionados cos distintos medios de comunación, observando a interacción da linguaxe verbal cos outros códigos. Trátase de comprobar se o alumno/a, tanto de forma individual como en grupo, é capaz de elaborar textos relacionados cos distintos medios de comunicación (xornais, textos publicitarios, etc. ).

Identifcar o xénero a que pertence unha obra literaria, así como os recursos estilísticos básicos e emitir unha opinión valorativa sobre a mesma.

**Segundo Ciclo (4º)**

Elaborar un resumo dunha exposición ou debate oral sobre un tema determinado. Este criterio serve para comprobar a capacidade do alumno e da alumna para comprender o contido esencial da mensaxe recibida e para expresarse por escrito e oralmente con claridade, concisión e coherencia.

Producir textos escritos de diferente tipo (narrativos, descritivos, expositivos) prestando atención á situación comunicativa e aos criterios establecidos. Con este criterio comprobaremos que os alumnos/as son capaces de produciren todo tipo de textos escritos aplicando as técnicas e pautas expresivas pertinentes.

Refexionar sobre os mecanismos da lingua e os seus elementos formais para comprender os textos alleos e mellorar os propios. Preténdese con isto avaliar se o alumnado ten en conta o funcionamento dos elementos lingüísticos en diferentes planos.

Establecer relacións entre autores, obras e movementos máis relevantes da Literatura Galega e os elementos máis destacabeis do contexto cultural, social e histórico no que aparacen. Tratase de comprobar en alumnos/as a comprensión do fenómeno literario como unha actividade comunicativa con valor estético e como producto social e cultural situado nun contexto histórico determinado. Cómpre, para facer isto, que relacionen autores, obras e feitos literarios cos acontecementos socias e culturais que acontecían no momento da súa producción.

En todo caso intentaremos **priorizar** sempre os seguintes obxetivos:

- Consultar, analizar, seleccionar e integrar información de diversos soportes nas produccións propias.
- Aplicación dos coñecementos de lingua na creación dos seus textos.
- Comprensión dos procesos sociolingüístios e uso consecuente dos dereitos nesta materia.
- Uso da terminoloxía lingüística adecuada.
- Realización de exposicións orais planifcadas onde se contrasten diferentes puntos de vista.
- Reforzarase a competencia lingüística dos estudantes ofrecéndolles modelos textuais operativos que lles permitan ser cidadáns efcaces na comunicación no ámbito privado e comunitario.
- Fomentarase o diálogo interartístico sen esquecer aos clásicos.
- Buscarase afondar na idea da literatura e da lingua de nós, moderna, completa e instalada no mundo.

**Instrumentos de avaliación**

Serán instrumentos de avaliación os que seguen:

1. Atención, participación e traballo diario na aula.
2. Exercicios complementarios.
3. Intervencións orais durante a clase.
4. Presentación de traballos escritos.
5. Dous exames parciais por avaliación.

6. Exposición oral e proba escrita sobre cada un dos libros de lectura obrigatoria.
7. Traballos orais e/ou escritos (a man ou en soporte multimedia) que poderán ser dos seguintes tipos:
    - Redacción de textos.
    - Traballos monográficos individuais ou en grupo.
    - Traballos de investigación ou Proxectos
    - Informes sobre actividades ou saídas.
    - Comentarios de texto.
    - Comentarios sobre lecturas voluntarias

**Características probas obxectivas orais e escritas**

**Realizaranse por avaliación unha ou dúas probas obxectivas** ( escritas e/ou orais, a criterio do profesorado e segundo a marcha do grupo correspondente) **da ma- teria obxecto de estudo**, que atenderán principalmente a conceptos e procedemen- tos relacionados coas competencias en comunicación lingüística, social e cívica e a conciencia e expresións culturais(CCL, CSC e CCEC). Sempre que sexa posible estas probas corrixiranse en clase para que o alumnado participe da súa propia avaliación. Poderán constar de:

- Preguntas de resposta curta e/ou verdadeiro-falso.
- Comprensión e análise de textos (contido, forma, morfoloxía, sintaxe, léxico...)
- Comentarios libres ou guiados de textos.
- Realización de esquemas ou resumos.
- Exposición de temas.
- Exercicios de ortografía, morfoloxía, sintaxe ou léxico.
- Redacción de textos.
- Preguntas onde o alumnado deberá expoñer con lóxica e coherencia a súa valoración ou opinión persoal e /ou propoñerá solucións a un problema pre- sentado.

**Baremación das probas obxectivas**

1). Análise de texto. Estrutura do texto (1 punto)
2). Opinión crítica sobre a información do texto (1 punto)
3). Actividades sobre o dominio da ortografía (uso do alfabeto, acentuación e puntuación). (1 punto)

4). Actividades de morfoloxía (con preferencia para verbos e pronomes). (1 punto)

5). Análise sintáctico. (1 punto)

6). Historia da Lingua. Secuenciación en etapas e características máis importantes. (1 punto)

7). Sociolingüística. Defnicións ou comentarios de texto. (1 punto)

8). Historia da Literatura. Periodización. Identifcación dos grandes xéneros das cantigas. Resumos de argumentos. A literatura do Rexurdimento: autores e ciclos temáticos. (3 puntos)

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Para a cualificación fnal teremos en conta o valor dos diferentes contidos que será o seguinte:

- Conceptuais: 40 %
- Procedamentais: 50 % (libro de lectura 10%, traballo na aula 10%, comprensión e gramática 30 % )
- Actitudinais: 10 % (esforzo, interese e puntalidade).

PROBA FINAL EXTRAORDINARIA DE XUÑO

Na convocatoria extraordinaria de xuno realizarase unicamente unha proba escrita, que puntuará de 0 a 10, relativa aos contidos e aos mínimos esixibles traballados durante o curso. A nota mínima para o aprobado estableceráse en 5 puntos

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

O máis importante do proceso de formación e xusto o que non se pode medir, o que queda aí agochado para que xermole no futuro, mais se queremos que esto ocurra a programación en canto guía da nosa práctica diaria ha de rexirse polos seguintes principios:

1. Ha de ser instructiva para o alumno, aportando contidos sistematizados.
2. Ha de ser formativa para o alumno. Ten que contribuir a favorecer o desenvolvemento pleno do pensamento, da empatía e da autonomía personal.
3. Ha de ser práctico-funcional. Ten que servir para a vida, debe estar orientada cara acción e o futuro. Debe estar advocada a ser visible e socialmente valorada.
4. Formativa para os profesores. Debe favorecer o traballo interdisciplinar e intercompentencial para logar un ensino efcaz, que favoreza a coherencia vertical e horizontal.
5. Debe favorecer unha relación de continuidade entre coñecemento e aplicación.

Para avaliar o proceso de ensino e a nosa práctica docente teremos en conta os indicadores de logro que se relacionan na táboa da páxina seguinte. Agrupámolos en catro categorías que resumen os aspectos que consideramos máis significativos da nosa prác- tica docente:

1. Planificación
2. Metodoloxía
3. Atención á diversidade
4. Seguimento e avaliación

| Dimensións | INDICADORES DE LOGRO do proceso de ensino e práctica docente | Escala | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 1. Planificación | 1.1. Programamos a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe. | | | | | |
| | 1.2. Programamos a materia tendo en conta os plans e proxectos educativos do centro. | | | | | |
| | 1.3. Planificamos as clases de modo flexible deseñando dis- tintas actividades de aprendizaxe en función dos obxectivos e das necesidades do alumnado. | | | | | |
| | 1.4. Fixamos un nivel de dificultade adecuado ás características do alumnado. | | | | | |
| | 1.5. Organizamos ben o tempo da clase en función das actividades a realizar. | | | | | |
| | 1.6. Coordinámonos co resto do profesorado do departa- mento e do centro (especialmente cos departamentos de linguas) para o tratamento de contidos afíns ou proxectos conxuntos. | | | | | |
| | 2.1. Desenvolvemos os contidos de forma ordenada e comprensible para o alumnado. | | | | | |
| | 2.2. Conseguimos motivar para favorecer a aprendizaxe do alumnado. | | | | | |
| | 2.3. Conseguimos a participación activa e a implicación de todo o alumnado. | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 2. Metodoloxía | 2.4. Propoñemos actividades que favorezan a aprendizaxe autónoma. | | | | | |
| | 2.5. Promovemos o traballo cooperativo e mantemos unha comunicación fluída co alumnado. | | | | | |
| | 2.6. Incorporamos as TIC's nos procesos de ensino - aprendizaxe. | | | | | |
| 3. Atención á diversidade | 3.1. Organizamos tarefas e propoñemos logros diferentes en función das características do alumnado. | | | | | |
| | 3.2. Propoñemos actividades de maior nivel para o alumnado que acadou os obxectivos en profundidade. | | | | | |
| | 3.3. Mantemos, directamente ou a través da titoría, contacto coa familia e contamos co seu apoio e implicación. | | | | | |
| | 3.4. Atendemos axeitadamente á diversidade do alumnado. | | | | | |
| 4. Seguimento e avaliación | 4.1. Realizamos a avaliación inicial para axustar a programación ao nivel do alumnado. | | | | | |
| | 4.2. Informamos adecuadamente ao alumnado sobre os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación. | | | | | |
| | 4.3. Valoramos axeitadamente a observación do traballo e da participación e actitude do alumnado na aula. | | | | | |
| | 4.4. Valoramos adecuadamente o traballo cooperativo do alumnado dentro do grupo. | | | | | |
| | 4.5. Corriximos e explicamos os traballos e actividades do alumnado e damos pautas para mellorar a súa aprendizaxe. | | | | | |
| | 4.6. Empregamos distintos tipos de probas e instrumentos de avaliación. | | | | | |
| | 4.7. Favorecemos os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | | | | |
| **Escala**.- 1: Indica logro MÍNIMO; 2: logro BAIXO; 3: logro MEDIO; 4: logro ALTO; 5: logro MÁXIMO | | | | | | |

## 9.PLAN DE SEGUIMENTO DAS MATERIAS PENDENTES

Ao inicio de cada trimestre seríalle presentado ao alumno un traballo, onde precisaría indagar e revisar os contidos que se lle esixirían na proba obxectiva, que realizaría a fnal de trimestre. Esta proba tería unha difcultade e forma moi similar a practicada polo alumnado no curso presente de forma que estes compañeiros podían ser informantes permanentes ao longo do curso.

Á súa vez, cada avaliación intentaríase que os traballos realizados no último curso no que está matrículado abarque competencias e estratexias que lle validen as que non alcanzou no curso anterior.

Trataríase de garantizar o repaso demorado e consolidación da aprendizaxe non adquirida, anque nalgunha medida no curso superior sempre se volve a revisar todo o traballado anteriormente. De facer con éxito os exames de recuperación por avaliación e ter un aproveitamento adecuado no curso presente tería garantizado o aprobado sen xogarse a nota defnitiva na convocatoria extraordinaria.

## 10.PROCEDEMENTO PARA A AVALIACIÓN INICIAL

Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar o ensino da materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, realizaremos unha **avaliación inicial**, que será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

A avaliación inicial constitúe o factor preventivo por excelencia na atención á diversidade en xeral, e na atención ao alumnado con necesidades específica de apoio educativo en particular. Será de grande importancia a coordinación de todo o profesorado que imparta docencia en cada grupo co fin de tomar

medidas conxuntas que faciliten o progreso do alumnado. Seguiremos, en todo caso, as directrices que establezan o Departamento de orientación, a Xefatura de estudos e a Comisión de coordinación pedagóxica.

Empezamos o curso con dúas, tres clases de tempo especial onde o programa está aparentemente en suspense. É o seu tempo. O profesor está ao seu lado, sendo un máis, contándolles as prácticas educativas de éxito doutros cursos e presentándollelas para ver que opinan, se queren repetilas ou propoñen outras novas. Trátase de crear o seu propio soño.

Estas actividades, que eles van escoller, serán a base dos traballos propostos para cada avaliación, onde poden lograr ata o 20% da nota e, ademais, poñeranse as bases do éxito a longo prazo no compromiso de seguir usando e aprendendo esta lingua ao longo de toda a vida.

Estamos a falar de dotalos de estratexias de creación para a súa expresión lírica e épica. Decidido esto escollemos en cada aula os substantivos, adxectivos, verbos, etc., e facemos a nosa frase máxica. Nunha terceira ou cuarta sesión faríamos xa a proba de avaliación inicial, onde partindo dun texto distinto por nivel faríamos unha avaliación da capacidade de comprensión, expresión e digresión individual.

A maiores, o alumnado de primeiro faría unha análise morfolóxica; os de segundo, farían unha identifcación das irregularidades morfolóxicas presentes no texto; os de terceiro, farían unha valoración do uso específco das distintas categorías morfolóxicas e sintácticas e, os de cuarto, identifcarían os usos sintácticos e semánticos específcos e farían outras propostas sustitutivas.

## 11. O TRATAMENTO DA DIVERSIDADE

Non todo o alumnado está dotado das mesmas capacidades, nin ten a mesma motivación, nin posúe o mesmo ritmo de aprendizaxe.

Por esta razón é necesario refectir no Proxecto Curricular as medidas que se poden tomar para que a aprendizaxe sexa o máis individualizada posible.

O ensino ten que ter presente que as diferencias que hai entre o alumnado impiden conseguir obxectivos idénticos. Polo tanto, sen renunciar á existencia de obxectivos xerais e comúns, hai que considerar a necesidade de dispor de métodos de ensino alternativos segundo a diversidade do alumnado e segundo o ritmo de aprendizaxe.

Partindo do proxecto curricular elaborado por cada departamento, haberá que realizar as adaptacións necesarias para atender a diversidade do alumnado. Para iso delimitaranse os obxectivos mínimos que se quere lograr co alumnado e que lles permitan continuar a aprendizaxe. Unha vez decidido hai que ter en conta diferentes recursos que posibilitan o tratamento da diversidade. Algúns poderían ser:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo fexibles.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.

Na ESO os intereses do alumnado diversifícanse e comezan a conectarse co que cada alumno imaxina para si. O concepto Necesidade Especifca de Apoio Educativo recolle o alumnado con altas capacidades intelectuais, alumnado de incorporación tardía o sistema educativo español e alumnado con necesidades educativas especiais.

En todo momento contarase coas peculiaridades e diferenzas reais que caracterizan a cada discente polo que nos basearemos na lexislación vixente.

Contémplase unha metodoloxía que favoreza a presentación de actividades abertas para que cada quen as realice segundo as súas posibilidades.

A atención a diversidade abórdase a través de:

- Exercicios complementarios de gramática que inciden nas habituais carencias que presenta o alumnado e que axudan a reforzar os coñecementos adquiridos en cursos anteriores: acentuación, léxico, puntuación, morfoloxía, semántica ...
- Lectura de textos guiados mediante preguntas.
- Axudas puntais por parte do docente.
- Variación na composición dos grupos de traballo para conseguir axuda dos compañeiros cos que empatizan máis: en traballos individuais suxeriráselles que traballen acompañados.
- Actividades de reforzo, recuperación e ampliación, usando incluso recursos audiovisuais e informáticos.

Non se pode esquecer que a fnalidade da ESO é a consecución dun alumnado autónomo, que poida continuar estudos superiores. Para lograr esto hai que contribuir o desenvolvemento integral da persoa, fomentando a sua integración nunha sociedade multicultural que coñece e estima a súa propia cultura e a dos outros.

## TRATAMENTO DAS ACTIVIDADES DE REFORZO E AMPLIACIÓN

En xeral os contidos que se traballan no ensino destínanse cara un teórico nivel medio, pero é imprescindible ter en conta a diversidade do alumnado, que leva aparellada unha diversidade na adquisición das aprendizaxes. Por iso a fexibilidade e variación nas actividades de traballo propostas permitirannos manter unha dinámica progresiva co conxunto do alumnado pero sen deixarmos de recoñecer topes diferentes segundo a súa capacidade.

Asómese o concepto de escola inclusiva que esixe focalizar, para correxir sen demora as difcultades precisas de cada alumno/a e reorientalo cara ao éxito respectando a singularidade, idiosincrasia e ritmo de aprendizaxe de cada un deles.

Cada profesor e profesora debemos realizar as adaptacións curriculares precisas para poder incorporar ao traballo aos alumnos e alumnas con difcultades.

Faise necesaria a realización dunha **avaliación inicial** para obter unha información básica de partida que permita presentar unha serie de obxectivos mínimos.

Con respecto ás actividades de ampliación, non se incluirán no libro como tales, pois dos textos incluídos no libro poderanse tirar facilmente outro tipo de actividades diferentes, e complementarias das propostas. Con todo o alumnado dispoñerá dun caderno con actividades de reforzo e ampliación.

## 12. TEMAS TRANSVERSAIS

A inclusión dos temas transversais no curriculum, conleva a súa visión, como un conxunto de aspectos susceptibles de intervención educativa que contribuen, dun xeito decisivo a formación integral das persoas como cidadáns. Niste sentido, fálase de educación para a paz e a convivencia, coeducación, educación para a saúde e para o consumo, educación para a conservación do medio ambiente, educación vial, etc.

Nestes termos, presupóñense dous enfoques importantes:

1. Que a educación das persoas e a súa preparación para a incorporación ó mundo adulto, inclúe aspectos que trascenden ó dominio das diversas disciplinas que se desenvolven nos curriculums de ensino obligatorio.
2. Que a escola pode xugar un papel importante no desenvolvemento persoal e integral dos alumnos/as, ainda que este papel no sexa o único.

Partimos de que hai unha serie de actitudes que constitúen o eixe común para o tratamento educativo das áreas transversais. Fundamentalmente son tres, aínda que cada unha delas engloba outros contidos actitudinais máis concretos. Son estas:

1. Autonomía personal e colectiva no proceso de toma de decisións.
2. Responsabilidade cara a si mesmo, cara as demais persoas e o medio ambiente.
3. Tolerancia e respecto cara a si mesmo, os demais e o medio ambiente.

Tendo esto en conta quizais non se trate tanto de que en cada unha das áreas se planifque o traballo dos temas transversais, senón máis ben, de extraer esta clave actitudinal común e, a parti de ai, deseñar a intervención.

